**AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS PARA VERBENAS E FESTAS POPULARES EN GALICIA (art. 42 da Lei de emprendemento e competividade económica de Galicia)**

1. As entidades locais, de acordo co establecido na Lei de medidas urxentes derivada da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, seguen a ser competentes para outorgar as licenzas en materia de verbenas e festas, no caso de que esta sexa necesaria.

2. As verbenas e as festas populares celebradas nun só municipio e sen instalación ou escenarios móbiles non precisarán de licenza municipal; resultará suficiente para a súa celebración a comunicación previa ao concello.

3. Nos casos en que sexa necesaria a licenza municipal porque se vaia utilizar un escenario ou estrutura móbil, a esixencia de proxecto técnico, quedará cuberta coa achega da seguinte documentación:

- ☐ A solicitude de licenza.
- ☐ O CIF da entidade organizadora.
- ☐ O NIF da persoa representante da entidade organizadora.
- ☐ O xustificante que acredite pagar os dereitos legais á Sociedade de Autores de España.
- ☐ Os contrato/s laboral/is da/s orquestra/s, que vaia/n actuar nos ditos festexos populares.
- ☐ Os xustificante/s que acredite/n o ingreso da cota da Seguridade Social correspondente/s ao/s referido/s contrato/s. No suposto de non estar esta documentación a disposición da persoa solicitante, tramitarase a solicitude coa condicionante de presentar posteriormente a documentación antes mencionada.
- ☐ A póliza de responsabilidade civil.
- ☐ O boletín eléctrico da instalación asinado polo/a técnico/a competente.
- ☐ A seguinte documentación técnica en cumprimento da normativa reguladora:

  **No caso de vehículo-escenario:** ☐ a declaración de conformidade do fabricante CE e a copia da documentación da ITV conforme, correspondente ao escenario móbil ou documento análogo que acredite o estado de idoneidade deste asinado polo/a técnico/a competente.

  **No caso de palcos, escenarios ou outras estruturas:** ☐ o plano de localización e as características da instalación (superficie, materiais...). De ser o caso, se dispón de homologación, achegarase esta coa revisión anual. Requirirase un informe emitido polo facultativo idóneo sobre as condicións de seguridade.

No caso de contar con **pirotecnia**:

- ☐ A acreditación do taller de pirotecnia autorizado.
- ☐ A identificación e os certificados dos expertos pirotécnicos que se encarguen da botadura.
- ☐ A especificación dos artigos pirotécnicos.
- ☐ A póliza de responsabilidade civil.

Deberase achegar a documentación con tempo suficiente para autorizar a actividade cunha marxe mínima de **10 días hábiles previos ao seu desenvolvemento**.